

1 DENSIDADE

- As existentes no bosque de ribeira. Cortaranse de forma selectiva especies de ribeira co fin de rexuvenecer as formacións ou eliminar pés mortos.


2 MANTEMENTOS

- En zona de servidume, as rozas serán selectivas, con rozadoira e afectarán a especies heliófilas ou cuxo excesivo desenvolvemento (silvas) poida comprometer a viabilidade do arboredo.
- Asegurarase a chegada de luz difusa tanto ao chan como ao curso de auga.
- **Zonificación:** a área de dominio público (ata límite da canle) preservárase expresamente, impedindo a circulación de maquinaria, sen acumular restos e dándolle prioridade á estabilidade das marxes.

Na área de servidume, que corresponde a un ancho de 5 m, non se realizarán plantacións (agás restauración hidrolóxica), traballos puntuais, sen circulación de maquinaria.

Corta selectiva de árbores para renovar o arboredo. En caso de realizarse corta polo pé mecanizada, a colleitadora debe circular fóra desa banda.

Na zona de policía, evítanse intervencións que poidan supoñer o asombramento ou perturbación do curso e poderán realizarse plantacións de especies de ribeira.



Máis información do modelo

MODELO SILVÍCOLA XBR

ESPECIE: formacións de ribeira, con presenza de ameneiro (*Alnus glutinosa* = lusitanica), bidueiro (*Betula pubescens*), freixos (*Fraxinus excelsior* e *F. angustifolia*), carballo (*Quercus robur*), entre outros

OBXECTIVO: persistencia, produción múltiple e conservación da biodiversidade en bosques de ribeira

DISTRITOS PREFERENTES DE APLICACIÓN: todos os distritos forestais

3 TRATAMENTOS SILVÍCOLAS

- **Podas de formación:** podas de formación e podas necesarias para a produción de madeira de calidade.
- **Cortas de transformación:** en aplicación da normativa de distancias, intervírase en faixas de 15 m a ambos os dous lados do curso, cortando os exemplares de eucalipto e piñeiro. Preservárase a estabilidade das marxes e fomentárase o desenvolvemento natural da ripisilva. As cortas asegurarán a persistencia das formacións de ribeira, sen substituír especies, preservando a calidade das augas e compatibilizando coa xestión de parcelas que bordean os cursos de auga.
- **Conservación de hábitats:** asegurárase a conservación dos valores ecosistémicos e ambientais e da diversidade.

4 CORTAS DE REXENERACIÓN

- **Idade de corta:** non se fixa unha quenda, xa que se busca a cuberta forestal continua.
- **Cortas de rexeneración:** sempre selectivas, evitando as cortas a feito e a destrución da ripisilva. Reservárase algúns pés con cavidades, vellos ou mortos, en pé ou caídos.